

# Sonora 05 [v2]

9/10 novembro

Programa

## Concertos

Mércores 9 de novembro dende as 16:00 horas

Refree+

Bypass+

O Fillo Pausado

Teatro Roberto Vidal Bolaño

Cidade Universitaria. Campus Universitario de Vigo

\*Entrada libre ata completar aforo

## Conferencias

Xoves 10 de novembro

dende as 11:00 horas

xornada de mañá adicada a "Proxectos de creación colectiva e cultura libre"

Colectivo zemos98.org

Platoniq

Mediateletipos.net

dende as 16:00 horas

xornada de tarde adicada a "Contidos na rede, P2P e propiedade intelectual"

Creative Commons

David Bravo

Jorge Cortell

Edificio Miralles

Cidade Universitaria. Campus Universitario de Vigo

\*Entrada libre

Información

Vicerreitorado de Extensión Universitaria e Estudiantes

Edificio Miralles

Campus Universitario de Vigo

e-mail: [vicext@uvigo.es](mailto:vicext@uvigo.es)

[www.uvigo.es/extension](http://www.uvigo.es/extension)

Tlf: 986 813 626

## SONORA 05 [v2]

Sonora presentouse en abril deste ano coa pretensión de achegar ata o corazón da comunidade universitaria as linguaxes máis actuais e contemporáneas da música popular en calquera das súas manifestacións. O éxito de público desta iniciativa obríganos a seguir contribuíndo a que toda a comunidade e a cidadanía disfrute outra vez do circuío musical xoven que tan ben funciona noutros países onde os grupos xa contan cunha ampla rede de concertos universitarios.

Para completar a oferta de Sonora deste ano a Universidade de Vigo quixo centrarse en dúas facetas: a musical e a formativa.

No eido do musical teremos a tres bandas da península: Refree, Bypass e O fillo pausado. Dende Cataluña ata Galiza, pasando por Portugal, as melodías máis emotivas, intimistas e arriscadas envolveran o Teatro Roberto Vidal Bolaño da Cidade Universitaria.

A outra faceta resposta a pretensión máis básica coa que naceu Sonora, que non é outra que a divulgativa. Así non debemos ocultar o descoñecemento existente sobre a aplicación das licencias *copyleft* e que foron moitos os colectivos vencellados á creación audiovisual que ven de mostrar a súa preocupación co que atañe aos dereitos das *súas* obras.

Por estes motivos, crear un espazo de formación sobre a cuestión das licencias nas creacións artísticas resultou fundamental no momento de elaborar o programa deste segundo Sonora do ano.

Preténdese o debate alonxado -esta vez- da confrontación dialéctica entre as novas e as vellas ideas sobre a propiedade artística, preténdese a formación nestas novas ideas de mans de varios expertos na temática; e a divulgación de proxectos daqueles que xa camiñaron nas redes da tecnoloxía de xeito colectivo.

Así, coa idea de se adaptar ás necesidades das persoas vencelladas á creación artística ou simplemente interesadas na situación actual da propiedade intelectual na era da reproductibilidade técnica, e de resolver as dúbidas existentes, nace esta xornada de conferencias nun marco en continuo e pretendido crecemento como é Sonora.

Sonora continua a ser un evento aberto, gratuíto e esta vez colaborativo que contará coa presenza ademais da música menos favorecida polos medios de masas, co discurso dunha serie de persoas relacionadas coa creación libre, as redes *copyleft*, a autoxestión artística ou o uso do software libre, persoas que promoven a colaboración e o libre intercambio da información porque pensan que compartir a cultura é preservala e protexela.

Oscar Rubiños López  
Vicerreitor de Extensión Universitaria e Estudiantes

-Mércores Día 9 de novembro. Xornada de concertos.

Lugar: Teatro Roberto Vidal Bolaño. Cidade Universitaria. Campus Universitario de Vigo.

Hora: dende as 16:00 horas.

*Organiza: Vicerreitorado de Extensión Universitaria e Estudiantes.*

*Colabora: SINSAL audio.*

### Refree. Cataluña. Acuarela

Refree é o alter ego de Raül Fernández (ex-Corn Flakes, ex-Sitcom, líder de Élena e periodista musical), un dos personaxes máis inquedados da nosa escena independente. No 2002 publicou o seu álbum de debut, un "Quitamiedos" no que colaboraban, entre outros, Françoiz Breut, Abel Hernández (Migala) ou José Luis Aguado (Manta Ray), así como algúns dos principais músicos da escena jazz de Barcelona. En Francia foi elixido pola exixente revista Magic! dentro dos 20 mellores discos internacionais do ano pasado, e Les Inrockuptibles destacou o seu espírito lírico e preciosista. En Norteamérica, semanarios como Exclaim o fanzines da talla de Splendid o Epitonic falaban da súa "variedade de rexistros" e a súas influencias ben dixeridas "de Dirty Three a Friends of Dean Martinez, pasando por Ennio Morricone", dicían. É inútil falar de cantautores, chanson ou folk arrabalero cando é tan evidente que o eixo de "Nones" -o seu segundo disco- foi exprimir ó máximo un momento de lucidez creativa. Ademais, en varias cancións do elepé escoitamos a preciosa e melancólica voz de Irene "Aroah" Tremblay, así como a guitarra de Olivier Mellano, habitual de Dominique A. "Nones" é froito dun cruce entre a tradición mediterránea e o jazz, as súa cadencias e armonías. Mentres a maioría dos grupos de aquí beben de fontes anglosaxonas, Refree o fai da europea: Francia, Italia e Cataluña parecen as localizacións perfectas para as cancións de Raül Fernández e os seus inquietantes textos: a crise do folio en branco, un pai que espera insomne a que a súa filla volva de festa, nais solteiras e desastres domésticos de diversa índole emocional e sentimental...

E agora chega "La matrona" o seu novo disco co que xa conseguiu galardóns tan importantes como o Premio Puig Porret da crítica musical catalán e o premio Altaveu 2005 do Festival de la Música i la Cançó de Sant Boi de Llobregat. Verbas Maiores.

Máis info: <http://www.lamatrona.com>



### Bypass. Portugal. Metrodiscos

Os portugueses Bypass ten xa uns cantos anos de existencia, tendo efectuado varios concertos por todo o seu país, e contan con varios discos e eps publicados en editoras independentes.

Dende cedo os Bypass comezaron a chamar ás atencións de algún público máis atento ós movementos do underground nacional e claro, perante a estrañeza da música da banda, rapidamente foran "empurrados" para o caldeiro do post-rock. Etiquetas a parte, os Bypass confirman con este rexistro que son un dos grupos máis interesantes do actual panorama musical portugués. Os seus discos son unha boa introdución ao universo peculiar dos Bypass: estruturas intrincadas que evolucionan sempre de forma dinámica, onde explosións de electricidade alternan con momentos máis contemplativos e "espaciais". A banda revela imaxinación nos arranxos (harmónica, melódica ou percusión diversa) e unha intelixente utilización do estudo como ferramenta esencial para un apurado senso estético. Versatilidade e gusto por a experimentación, ambiente tenso e melancólico, repleto de crescendos emocionais, desta música aventureira que evita os clichés do rock.

Máis info: <http://www.bypass.ws>



### O Fillo Pausado. Galiza. Man Records

A historia de O Fillo Pausado e a historia deste galego chamado Magu Castromil que comeza a finais dos 90 editando un vinilo cheo de emocións, de letras abertas ás ideas do escoitador, abertas ás circunstancias do suxeito oínte. O derroche vai cara máis co soberbio "Ele". "Soy un niño que vive en la esquina de una ele", reza a presentación.

Nick Drake, LLuis Llach, Nick Cave, Pink Floyd... asómanse ao traballo que edita a través de edicións Antropomórficas. Servida queda xa a etiqueta.

A edición dos seus discos esta en mans de Javier Abreu a través de Man Records. Conta con músicos vigueses como Víctor Barberena para arrastrar a súa voz entre susurros, gritos ou silencios e no seu último cd, "Sono", despréndese da romaxe instrumental. Servido queda o risco.

Tarde de novembro pois para afrontar de xeito imaxinativo o pop máis arriscado e alonxado de toda pose *arty(-pócrita)*.



-Xoves Día 10 de novembro. Xornada de conferencias.

Lugar: Aula I do edificio do Aulario. Cidade Universitaria. Campus de Vigo.

*Organiza: Vicerreitorado de Extensión Universitaria e Estudiantes.*

#### Xoves mañá

11:00 horas

“Creación e Intelixencia Colectiva. Colectivo zemos98.org”

Poñentes: Pedro Jiménez | Benito Jimenez

[zemos98.org]

Dende Sevilla, o colectivo zemos98.org ven de traballar, producindo e investigando as formas da propiedade do pensamento e as novas formas de autoría que se están a dar principalmente por medio do traballo en rede e a propia telemática, que está a xerar novos espazos de cooperación. Durante marzo de 2005 concentrouse un gran número de actividades no contexto do festival audiovisual zemos98\_7, agora presentan os resultados en tres formatos: un libro, un dvd e un cd de música.

Máis información: <http://www.zemos98.org>

12:00 horas

“Proxecto Burn Station [estación de tostado]. Instalación e acción polo dereito a unha cultura libre”

Poñentes: Susana García Noguero | Olivier Schulbaum

[Platoniq]

O proxecto Burn Station empeza a principios do ano 2003 como un sistema de distribución de música e audio-reportaxes con licencias libres que se foron modificando ao longo do tempo. É un software e unha rede local pero sobre todo é una situación social ao redor do escoitar, seleccionar e copiar contidos de net labels (música) y net radios (radio e audiodocumentación).

Baixo o slogan "baixar Internet á rúa", as veces foi un conxunto de ordenadores con unha base de datos onde invitase aos transeúntes a traer os seus CDs vírxenes e copiar os contidos dispoñibles. Outras veces comportouse máis como un top manta legal onde se facía especial fincapé na difusión e no debate ao respecto do copyright, da piratería e da alternativa das licencias libres. Actualmente ademais Burn Station é un software cliente-servidor para el sistema operativo GNU/Linux.

Burn Station, literalmente a “estación de tostado”, é unha instalación e unha acción polo dereito a unha cultura libre e conta coa participación de diferentes net labels e realizadores de contidos dixitais europeos e latinoamericanos.

Platoniq é unha plataforma de produción e distribución de contidos dixitais, un selo de net cultura que ademais investiga sobre os posibles usos sociais da tecnoloxía coa idea de atopar estratexias máis eficaces que desemboquen en novos xeitos de comunicación, formación ou participación cidadán. Entre as súas apostas están a difusión del software libre, as licencias copyleft e o desenvolvemento de medias independentes.

Entre os seus últimos proxectos atópanse as xornadas Media Space Invaders no Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona, o servidor público de streaming (retransmisión de audio en Internet) Opserver.org, a net radio Burn.fm, e a licenza copyleft Aire Incondicional, utilizada dende finais do 2003 por Platoniq e outros realizadores dixitais.

Máis información: <http://www.platoniq.net> | [info@platoniq.net](mailto:info@platoniq.net)

13:00 horas

"Clúster sonoro: audio-comunidades"

Poñentes: Chiu Longina | Juan-Gil López Rodríguez  
[mediateletipos.net]

Cluster sonoro é unha proposta de audio-creación colectiva que recentemente ven de inaugurar o portal artesonoro.org que xunto con mediateletipos.net e a propia podcast radio de artesonoro teñen como principal obxectivo a difusión do fenómeno sonoro no noso país. O proxecto artesonoro.org ven acollido polo Centro de Creación Experimental de Cuenca, na Facultade de Belas Artes, a promotora SINSALaudio de Vigo, o Festival Zemos98 de Sevilla, a promotora Materia Prima de Porto e o colectivo de artistas dixitais Alg-a. Vai camiño de converterse nun anel de acceso ós proxectos art-sonoros do noso entorno, co apoio dunha boa parte das institucións que defenden esta disciplina e con implicación directa (por suscripción e auto-publicación) de moitos dos seus protagonistas.

Por outra banda, mediateletipos.net ten xa preto de 2 anos de vida, máis de 1500 noticias publicadas e unha morea de visitas e suscritores indirectos. O seu principal obxectivo é informar de propostas e proxectos relacionados coa creación dixital servindo de foro de discusión sobre o actual estado do panorama artístico. Mediateletipos.net asumiu a condición dinámica do novo paradigma e defende a creación colectiva e o dereito á información libre. A podcast radio, que serve de ponte entre os dous proxectos, é a voz pública do clúster sonoro que con SINSALradio loitan pola difusión das obras sonoras licenciadas co sistema CC, unha excelente idea que atopou o modo de promocionar a creación colectiva sen atender contra os dereitos intelectuais dos creadores.

Todos os proxectos están aloxados en servidores linux con apache, utilizan a tecnoloxía php, o sistema CMS wordpress e os seus contidos comparten con Creative Commons a idea de que é o artista o que decide o tipo de relación que quere co usuario final da súa obra. Cluster Sonoro é totalmente gratuito e aberto, poden formar parte deste tri-portal sonoro todas as persoas que o desexen. Agora inaugura casa e abre as súas portas para a universidade de Vigo nunha xornada de portos [com] abertos.

**Juan-Gil López Rodríguez [Miembro de mediateletipos.net]**

Licenciado en Musicoloxía pola Universidade de Oviedo desenvolvendo diversas investigacións tanto no campo da etnomusicoloxía e a música popular urbana, como na da música contemporánea, traballando nos últimos anos no ámbito interdisciplinar da música e as artes plásticas -Espazo Permeable. Unha aproximación ás relacións entre música, xogo, pintura e escultura.

**Chiu Longina [Coordinador de mediateletipos.net]**

Estudios de Musicoloxía na Universidade da Ríoxa e de Antropoloxía do Son na Universidade Complutense de Madrid. Profesor de Talleres de Son impartidos na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Membro activo de 'Alg-a.com', asociación

galega de artistas dixitais. Neste intre forma parte do Centro de Creación Experimental da Facultade de Belas Artes de Cuenca.

Máis información: [www.mediateletipos.net](http://www.mediateletipos.net) | [www.artesonoro.org](http://www.artesonoro.org) | [www.sinsalaudio.com](http://www.sinsalaudio.com) | [www.alg-a.com](http://www.alg-a.com) | [www.longina.com](http://www.longina.com)

## Xoves tarde

16:00 horas

### "Redes P2P e propiedade intelectual"

Poñente: David Bravo

Avogado especialmente interesado en redes p2p e Propiedade Intelectual. É autor de "Copia Este Libro" e colaborador habitual da revista @rroba.

Poñencia adicada dende a posición establecida dos medios de comunicación ante as noticias relativas á propiedade intelectual ata o análises de algúns falsos dogmas sobre a piratería (o seu propio nome, se a propiedade intelectual é unha propiedade ou se a propiedade intelectual pretende protexela cultura, o coñecemento e a liberdade de expresión).

16:45 horas

### "A Regulación dos Contidos na Rede: Creative Commons. Unha perspectiva dende Galiza".

Poñentes: Ignasi Labastida | Fernando Garrido

[Creative Commons]

Presentación e análises do proxecto Creative Commos. Perspectiva centrada en Galiza para explicar as posibilidades que teñen estas licencias e os retos que plantexan para o futuro.

**Ignasi Labastida i Juan**

Licenciado en Física pola Universidade de Barcelona en 1994 e doutor en Física pola mesma universidade en 2000.

Actualmente traballa no Programa de Mellora e Innovación Docente da Universidade de Barcelona onde participou dende a súa creación en 2001. Debido a súa inquietudes divulgativas realizou en 1995 o Postgrado de Comunicación Científica da Universidade Pompeu Fabra.

Dende o ano 2003 lidera o proxecto de Creative Commons en Cataluña e España, encargándose da adaptación das licencias Creative Commons ao ámbito español.

**Fernando Garrido**

Licenciouse en Socioloxía pola Universidade da Coruña á que segue vencellado a través do Grupo de Investigación en novas perspectivas para o Desenvolvemento Rural.

Traballou como investigador social para o Observatorio para a Cibersociedade, Taylor Nelson Sofres e Universidade da Coruña. Actualmente desenvolve tarefas de investigación no Centro ENTER (Centro de análises de la Sociedade de la Información y las Telecomunicacións) vencellado ao Instituto de Empresa.

Colaborou na coordinación da tradución das licenzas de Creative Commons ao Galego e colabora habitualmente en Código Cero e Vieiros.

17:45 horas

### "Suidad: un mundo sen copyright"

Poñente: Jorge Cortell

Suidad é a explicación conceptual e base filosófica dunha proposta revolucionaria. Un cambio de paradigma na comprensión da natureza da información, o saber e a cultura.

"A información quere ser libre" "Debemos compartir o saber" "Libre acceso á Cultura". Estas frases soan a utopía, pero as novas tecnoloxías permítennos facelas realidade. Só falta ter en conta as implicacións económicas e filosóficas de dito cambio.

**Jorge Cortell.**

Fundador de OneZero Software e Kanteron Systems, asesor en TIC de gobernos e multinacionais, e ex-profesor de Propiedade Intelectual do Master Multimedia da Universidade Politécnica de Valencia.

Cursou Informática na Universidade de Oxford, estudou dereito e ciencias políticas na Universidade de Harvard, e empresariais en Kellogg Community College, entre outros estudos. Premio académico Wall Street Journal.

**Información**

Vicerreitorado de Extensión Universitaria e Estudiantes

Edificio Miralles

Campus Universitario de Vigo

e-mail: [vicext@uvigo.es](mailto:vicext@uvigo.es)

[www.uvigo.es/extension](http://www.uvigo.es/extension)

Tlf: 986 813 626